

## MESA SECTORIAL DO 3 DE XUÑO DE 2026

### Unidade de radioterapia de Pontevedra

CIG-Saúde denunciámos que a Unidade de radioterapia de Pontevedra está feita pero que non se abre, e que está sobrecargando sobre todo a Vigo. Preguntamos o motivo para que non se abre e que se dote do persoal que corresponda, e que se nos diga o cronograma de implantación desta Unidade.

### Técnicos/as superiores de documentación sanitaria

CIG-Saúde denunciámos por volver a contratar dende a Dirección Xeral da Saúde Pública unha empresa privada para codificar historias clínicas cando hai persoal estatutario do SERGAS. Hai persoal formado nas listas de contratación. Denunciámos a privatización de traballo que forma parte da sanidade pública, que non está xustificada por ningunha razón obxectiva e que empeora o servizo de codificación.

### Grupo de traballo de enfermería

CIG-Saúde defendemos que é necesario crear un grupo de traballo de enfermería, e non se pode demorar máis. Enfermería necesita revisar que queremos dela, cara onde imos no SERGAS, todo o que ten que ver coa profesión, ratios, especialidades... É necesario analizar a situación e tomar medidas antes de que a situación sexa insostible.

### Traspaso das UAD

CIG-Saúde denunciámos que segue habendo incidencias, e imos ter que empezar a falar da integración deste persoal.

O SERGAS di que agora están abordando o tema da nómina. Estiveron recadando información dos distintos conceptos co fin de que na nómina de xuño teñan a nómina desglosada, e pagar os atrasos que correspondan.

Indican que hai un coordinador/a en cada área. Pedimos a relación das persoas coordinadoras.

